

# CONSIGNAS (CURSO 2024-2025)

As consignas son propiedade do Centro, que cede o seu uso ao alumnado que o solicite. O pago correspondente daralle dereito ao alumnado ao uso dunha consigna durante o curso actual. No caso de que o alumno/a abandone o centro ou desexe deixar de facer uso da consigna, poderá ceder o seu dereito de uso a outro alumno/a durante o período que lle reste de uso, comunicando esta circunstancia na Secretaría (**non se realizará devolución de diñeiro por parte do Centro**).

## CONDICIÓNS DE USO:

1. Ó inicio de cada curso académico todos os usuarios dunha consigna consultarán o número de consigna que lles corresponde, e usarán exclusivamente a consigna que teñan asignada. O n.º da consigna asignada pode variar dun curso para outro.
2. Mentres non se publique, nos primeiros días do curso, a relación de asignación de consignas, non se poderá facer uso delas. Por tanto, ningún usuario pode utilizar e pechar unha consigna ata que non teña comprobado na listaxe correspondente cal é a consigna que lle corresponde para ese curso.
3. É responsabilidade de cada usuario manter en todo momento a súa consigna correctamente coidada e constantemente pechada, faga ou non uso habitual dela. As consignas abertas e en desuso serán pechadas polo Centro, e o seu usuario perderá permanentemente o dereito a utilizala (nese curso).
4. Todos os usuarios teñen a obriga de entregar unha copia da chave da súa consigna na secretaria.
5. Aqueles usuarios que cedan ou compartan a súa consigna con outra persoa deberán comunicalo na secretaria.
6. Aquelas consignas que deberían estar baleiras e non o estean, e aquelas outras que estean sendo usadas por outros usuarios que non sexan os asignados serán abertas pola forza e confiscarase o material do seu interior, sen prexuízo da sanción que puidese corresponder por uso indebido de material do Centro.
7. En xuño, ó rematar as clases, todas as consignas deberán quedar totalmente baleiras, abertas e sen cadeado. O incumprimento desta norma poderá provocar que a consigna sexa aberta pola forza por parte do Centro e confiscado o material do seu interior.
8. O incumprimento de calquera destas normas ou o deterioro dunha consigna dará lugar á aplicación das sancións correspondentes e á posible perda do dereito de uso de consigna.
9. A Dirección poderá acceder en calquera momento a unha consigna en caso de uso por parte dun usuario non identificado ou non autorizado ou en caso de sospeita dunha utilización incorrecta ou dun uso delituoso ou non permitido.
10. O Centro non se fai responsable do uso indebido das consignas nin do posible roubo ou desaparición do material nelas depositado. O seu usuario é responsable dos materiais depositados nela.

## SOLICITUDE DE CONSIGNA

Eu, ....., pai/nai/titor/a do alumno/a ....., do curso ....., solicito unha consigna para o meu fillo/a e autorizo a que este/a a utilice nas condicións indicadas, comprometéndonos ambos a respectalas e a acatalas.

Santa Comba, ..... de ..... de 20.....

Sinatura:

.....  
(pai, nai, titor/a legal)

Data e selo do Centro:

**PREZOS DE CONSIGNAS: 2 € (ver instrucións da matrícula para a forma de pago)**

## RESGUARDO SOLICITUDE DE CONSIGNA

Alumno/a:.....

Data e selo do Centro: